

TEXTO PLENO CARBALLO (2018-09-24)

O pasado mes de xuño a Consellaría de Economía, Emprego e Industria comezou a sacar a exposición pública os diversos trámites para a autorización de construción de tres parques eólicos na zona da Braña Rubia, O Bustelo e Monte Toural, que supoñen, de levarse a cabo, a instalación de 27 novos aeroxeradores, dos cales 23 irían en solo de Coristanco, 2 en Carballo e 2 en Santa Comba, ademais de toda a rede de viarios, cableados, estacións colectoras e dunha Liña de Alta Tensión que daría saída á enerxía producida desde O Campelo ata O Mesón do Vento.

Antes de nada queremos deixar claro que as veciñas e veciños deste concello, ao igual que a veciñanza dos outros concellos afectados, non estamos en contra das enerxías renovables nin en concreto da enerxía eólica. Pero iso non significa que estemos a favor da destrución do rural.

Por varias razóns:

Por unha banda, **afeccións ambientais** Con especies protexidas como a Centaurea Ultraia, que en todo o mundo só medra nesta zona e está recollida no catálogo de especies protexidas coa categoría de “en perigo de extinción”; e con espazos protexidos como a Lagoa de Alcaían, incluída dentro do Catálogo de Paisaxes de Galicia coa categoría de área de Especial Protección Paisaxística.

No que respecta ás **afeccións sociais**, estas instalacións alteran o noso modo de vida e, o que é peor, a nosa saúde.

Existen estudos científicos internacionais que están a alertar de efectos perniciosos en persoas que viven preto dos aeroxeradores. Sinalan que “o ruído e as vibracións procedentes destes muíños podería estar detrás dun aumento dos problemas de saúde en zonas habitadas situadas nas inmediacións de parques eólicos”.

Podemos poñer exemplos como o da Dra. Nina Piermont, membro titular da Sociedade Americana de Pediatría e recoñecida investigadora neste ámbito, que leva estudando desde fai máis dunha década a sintomatoloxía de persoas que viven preto de parques eólicos en países como Estados Unidos, Reino Unido, Irlanda, Italia e Canadá e rematou por describir unha afección derivada da exposición ao ruído provocado polas turbinas eólicas que denominou “Síndrome do aeroxerador”, que pode provocar alteracións nos ciclos de sono de nenos e adultos, pero tamén provocar outro tipo de síntomas como pulsación interna, taquicardias ou estados de nerviosismo que acaban por afectar seriamente á calidade de vida das persoas sensibles a este efecto.

No caso concreto do lugar de Vilela de Entrecruces, un dos aeroxeradores quedaría situado a uns 400 metros de distancia dunha das vivendas, por debaixo dos 500 metros que establece o Plan eólico de Galicia, o cal, por certo, debería ser tamén revisado xa que, os aeroxeradores da época na que se redactou o plan, eran de menos dun megavatio de potencia e de entre 30 e 40 metros de altura, nada que ver con estes de máis de catro megavatios e 180 metros de altura. Polo tanto, a distancia marcada polo citado plan quedaría moi curta. Claro que xa sabemos que a nova lei de iniciativas empresariais da Xunta de Galicia

permítelles ás empresas enerxéticas reducir a distancia ata os 200 metros no caso de vivendas illadas, condenando deste xeito aos seus habitantes a vivir co ruído constante dos muíños o resto da súa vida, por se non lles chegase xa co castigo de non poder gozar dos mesmos servizos que o resto de veciñas e veciños.

Deberíase ter en conta tamén que no rural facemos vida fóra das vivendas, nas hortas e fincas ao redor das casas polo que o risco de sufrir os prexuízos dos parques eólicos instalados a escasos metros é moito maior.

O ruído que emitirían estes aeroxeradores a distancia á que se atopa a poboación de Vilela, sería, segundo a propia promotora, de ao redor de 45 dB. Pode parecer pouco. De feito a empresa réstalle importancia e compárao co nivel sonoro dunha oficina. Pero temos que ter en conta que os sons dunha oficina non son comparables ao dun zumbido contínuo, as 24 horas do día e todos os días do ano. E aínda que así fose, alguén é capaz de durmir, e o máis importante, descansar co ruído dunha oficina en funcionamento? Ademais o nivel de ruído que se prevé é o dun aeroxerador e en condicións óptimas. O problema é que esas condicións óptimas non sempre se cumpren (seguramente case nunca) e ademais habería que sumar o ruído que emiten todos os aeroxeradores. Vilela estaría rodeada por sete destes aeroxeradores, non só polos dous que se instalarían en territorio carballés. Por certo, que tamén estarían gravemente afectados neste sentido outros núcleos da parroquia de Entrecruces como A Granxa e A Baixa.

Por outra banda hai estudos que establecen que a distancia das turbinas ás vivendas debería de estar relacionada directamente coa altura do aeroxerador, recomendando unha distancia mínima ás vivendas dez veces superior á altura dos muiños. De feito, estas conclusións foron presentadas en forma de proxecto lei en países tan similares ao noso como Irlanda. Mesmo dende a Unión Europea se fala de 3km para estes grandes eólicos.

Polo tanto, cremos que a distancia ás vivendas neste caso está moi por debaixo da que debería de ser, aínda que cumpla a norma.

Porque a norma - esta lei de iniciativas - está feita para a expansión das empresas enerxéticas e para o seu propio beneficio económico, custe o que custe. Beneficio que non repercute, por certo, nas zonas afectadas polas súas instalacións.

Fragmentación:

Ademais, temos serias dúbidas, cremos que totalmente fundadas, de que sexa esta a norma á que se teñan que acoller estes parques eólicos... ou deberíamos dicir, quizais, este megaparque eólico.

Todo apunta a que se trata dun megaproxecto fragmentado en tres parques que teñen unha mesma zona de ubicación, mesma empresa promotora e comparten infraestruturas como centros colectores de enerxía, cableado, accesos, etc. Polo tanto, estaríamos ante un parque unitario, que é fragmentando para poder ser tramitado pola lexislación autonómica - máis laxa e rápida aos intereses da

empresa en detrimento dos intereses da veciñanza - en lugar de pola lexislación estatal. Por certo, que hai xurisprudencia ao respecto por casos similares.

Se observamos os planos destes parques eólicos e nos fixamos no seu perímetro podemos percatarnos facilmente de que case a metade do parque do Bustelo superponse na área ocupada polo parque do Campelo e tamén a unha parte do parque do Monte Toural. Á súa vez, case a totalidade deste último parque, o do Monte Toural, e todos os seus aeroxeradores, están dentro da área do parque do Campelo. Hai incluso dous eólicos que estarían situados dentro da área dos tres parques. Se nos centramos no parque que afectaría máis ao concello de Carballo, o do Bustelo, segundo o proxecto, neste parque instalaríanse un total de 11 aeroxeradores. Se observamos a área dos tres parques podemos ver como dentro do do Bustelo habería tamén outros seis muíños do parque do Campelo e outros dous do de Monte Toural. Serían, polo tanto, dentro do parque do Bustelo, un total de 19 aeroxeradores, en realidade.

- **Afeccións socioeconómicas:**

respecto ao ámbito socioeconómico temos que contar cunha previsible perda do valor do monte, e coa destrución de postos de traballo vinculados á agricultura, e ao sector forestal, ademais da total eliminación do interese turístico da zona.

Hai núcleos de poboación que quedan dentro dos polígonos eólicos, coas restricións que supón. Asimesmo, hai certas vías de negocio alternativas, e sostibles tanto co medio ambiente como co modo de vida da poboación local, que quedarían totalmente descartadas como pode ser por exemplo o turismo rural.

Tampouco se salvaría dos efectos negativos que provocaría esta industria na zona, a gandeiría xa que, igual que os humanos percibimos os efectos negativos do ruído e as vibracións das turbinas, os animais tamén os senten, e segundo sexa a especie, incluso con máis intensidade. Isto aféctalles ao organismo e consecuentemente á saúde e á produtividade. Isto acabaría coas explotacións gandeiras existentes e eliminaría calquera posibilidade de pór en marcha novas iniciativas deste tipo, precisamente agora que están en auxe co interese polos produtos procedentes de agricultura e gandeiría ecolóxica.

Polo tanto, aínda que non estamos en contra da enerxía eólica en si, non podemos apoiar un proxecto para crear máis enerxía cando este só vai traer un impacto negativo para a nosa zona e para a xente que nela vive, tendo en conta ademais que Galicia, a pesar de ser unha comunidade excedentaria na produción de enerxía eólica, é das que máis cara paga a factura da electricidade.

Solicitamos

Creemos necesario o apoio de todas as forzas políticas do Concello de Carballo para loitar de maneira conxunta contra a implantación deste proxecto. É por iso que, tendo en conta que, agora mesmo, a maior parte da tramitación é responsabilidade da Xunta de

Galicia, solicitamos que a Corporación do Concello de Carballo acorde, dentro da súas posibilidades, instar á Xunta de Galicia á non aprobación e a revisar os proxectos dos parques eólicos do Campelo, O Bustelo e Monte Toural e tamén das Liñas de Alta Tensión O Campelo-Mesón do Vento.

Moitas grazas.